

Ferrol rebelde

Un paseo
por cen anos
de historia
obreira

roteiros sábados
de agosto

De 1871



1975



a

Ferrol ten o dereito a saber e o deber de recordar a longa estirpe de rebeldes que converteu a nosa cidade na capital da dignidade proletaria. Este roteiro procura divulgar a historia heroica do pobo traballador e situar este movemento social no lugar central que lle corresponde na conquista dos dereitos democráticos.


A preservación deste extraordinario legado quere ser un acicate para un pobo que non se resigna, que se organiza e loita polo soño da emancipación humana. Porque o Ferrol rebelde é, sobre todo, o Ferrol solidario, o Ferrol de homes e mulleres que se senten irmáns e camiñan xuntos pola liberdade.

Un paseo por Ferrol para coñecermos dez fitos da historia obreira de Galiza. Comeza en 1871 con publicación do xornal, *El trabajo*, e conclúe en 1975 co asasinato de Moncho Reboiras.

1. A bandeira vermella do brigadier Pozas

O 12 de outubro de 1872 o brigadier Pozas enarborou a bandeira vermella e, ao mando de máis de mil homes, saíu pola Porta do Parque dando vivas á república federal. As tropas insurrectas toman o Pazo da Capitanía Xeneral. Ao chegaren á praza de Armas, divídense en tres grupos: o primeiro fica na praza, o segundo ataca o Cuartel de Batallóns e o terceiro vai até o Concello no Cantón de Molíns. Neste edificio, Pozas nomea presidente da xunta revolucionaria a Francisco Suárez.

Ferrol adiántase catro meses á proclamación da Primeira República. A insurrección republicana de 1872 contou co apoio dos traballadores ferroláns vinculados á Primeira Internacional. En 1871 tiran o primeiro xornal obreiro de Galicia *El trabajo* co seguinte lema: «Non hai máis patria que o mundo. Non hai máis familia que a humanidade».



2. Pedrosa, precursor do socialismo galego

Pedrosa era o alcume de Francisco Fernández García. Por denunciar os escasos salarios que recibían, este mecánico do Arsenal foi despedido por orde directa do Capitán Xeneral. Con corenta traballadores funda en 1891 a Agrupación Socialista de Ferrol, primeira agrupación socialista galega.

Pedrosa asume as reivindicacións da Segunda Internacional e nese mesmo ano organiza o Primeiro de Maio. A memoria dos mártires obreiros de Chicago inspira a loita pola xornada laboral de oito horas. O goberno prohíbe a manifestación. No seu lugar realizan un mitin no local socialista situado na Praza da Angustia nº4.

Pedrosa acompañou o ferrolán Pablo Iglesias nas xiras de propaganda pola súa cidade natal. O soño marxista dunha sociedade sen clases prendeu con forza e en 1895 Pedrosa é electo concelleiro en Ferrol. Daquela, só Bilbao e Mataró tiñan concelleiros deste partido político. Pablo Iglesias terá que agardar até 1910 para conseguir a acta de deputado.



3. Proletarias, fame de xustiza

Nos anos corenta, Amalia Fraguela traballou limpando os servizos públicos que estaban baixo o palco da música. En 1912, funda o pioneiro grupo anarquista feminino a *Antorcha*. Estas libertarias redactan un manifesto animando as mulleres a construír un mundo sen deus nin amo. O laicismo é outra constante da cultura proletaria, por iso Amalia Fraguela evita os nomes do santoral e inscribe a súa filla no rexistro civil do concello como Luz Armonía.

En marzo de 1918 as mulleres protagonizan unha gran revolta contra o encarecemento dos alimentos: controlan camiños, asaltan comercios, paran trens. O masacre de Sedes converteuse nun dos fitos da loita labrega xunto a Oseira, Nebra e Sofán.

Moitas destas activistas pertencían ao Grupo Feminino Socialista. A súa secretaria, Josefina Neira Fernández, colaborou no voceiro socialista *El Obrero*. Tamén destacou como oradora en defensa dunhas condicións de vida máis dignas para as clases populares ou en actos de solidariedade internacionalista como o realizado en 1919 para reclamar a liberdade de Rosa Luxemburgo.

4. Nin guerra entre pobos. Nin paz entre clases

No baixo na rúa Magdalena 198, un emigrante retornado chamado López Bouza funda o Ateneo Sindicalista. Os seus obxectivos: reagrupar as sociedades obreiras ácratas, publicar un xornal sindicalista, dar conferencias e crear unha Escola Racionalista.

En 1913, os abusos da Construtora Naval provocan a folga da pa. Esta protesta foi a máis longa sostida nos estaleiros. Grazas ao apoio do Ateneo Sindicalista, aguantou dous meses. Realizan mitins de máis de 6000 persoas, paralizan toda a comarca e, mesmo, conseguen implicar os sindicatos da Coruña.


En 1915, o Ateneo Sindicalista organiza un congreso obreiro internacional para deter a Primeira Guerra Mundial. Estaba prevista a chegada de delegados de Portugal, Brasil, México, Cataluña, Andalucía, Italia, Francia... Defender a paz era tan subversivo que o presidente do goberno prohibe o congreso. No entanto, celébrano igual de maneira clandestina. Non paran a guerra, mais propician a reorganización da CNT a nivel estatal.

5. A maior biblioteca de Ferrol

Na rúa Real 138, o Centro Obreiro de Cultura abriu a maior biblioteca de Ferrol e unha das máis importantes de Galiza. Contaba con máis de 10.000 volumes.

En 1911, os traballadores da construción naval inauguran o Centro Obreiro de Cultura. Ademais de biblioteca, desenvolveron diferentes actividades: Certame Científico-Sociolóxico, escolas gratuítas para crianzas orfas, excursións instrutivas, un museo de historia natural, homenaxes a Concepción Arenal... Por aquí pasaron Castelao, Carvalho Calero, Quintanilla, Matías Usero, Hildegart, Rubia Barcia... Durante a Segunda República convértese na institución cultural máis importante da cidade.


Após o golpe de Estado de 1936, os sublevados clausuran e saquean esta magnífica biblioteca. Nas prazas de Armas e de Amboaxe, queiman os libros e o local do Centro Obreiro de Cultura é ocupado pola radio de *Falange*.



6. Un vestixio do Ferrol republicano

Durante a Segunda República, podemos considerar a rúa Magdalena como a rúa rebelde de Ferrol. No seu tramo final estaban: a CNT, o PC, o Ateneo Ferrolán, a loxa masónica Francisco Suárez, a loxa masónica Breogán, a Escola Racionalista de Francisco Iturralde e a casa de Aurora Rodríguez e Hildegart. De feito, a praza de Amboaxe era coñecida popularmente como praza Vermella polas moitas concentracións e reunións proletarias que alí se realizaban.

Entre 1931 e 1936, o goberno decreta a xornada laboral de oito horas; as mulleres conquistan o dereito ao voto; Galiza, Euskadi e Cataluña aproban os seus Estatutos... O franquismo esforzouse en apagar calquera resto do noso pasado democrático, mais nesta fermosa praza do centro de Ferrol conservamos un símbolo daquel tempo de esperanza. Na fachada do edificio de Correos está labrado o escudo da República coa característica coroa mural.



7. Praza Pablo Iglesias, 4

O Centro Obreiro da praza Pablo Iglesias era o centro neurálxico socialista. Levaba alí desde 1890. A partir de 1933 increméntanse as sociedades afiliadas á UXT. O baixo fica para asembleas e adquiren o primeiro andar onde terán a súa actividade: o Partido Socialista, as Xuventudes Socialistas, o Orfeón Obreiro, o Grupo Feminino Socialista, a Asociación Obreira da Construción Naval, o Sindicato de Descargadoras e Cargadoras e moitas outras sociedades operarias. A implantación do socialismo era tan forte que proxectaban construír unha nova Casa do Pobo.

A sublevación militar de 1936 procurou o exterminio do movemento obreiro. Só na comarca de Ferrol foron asasinadas máis de 700 persoas. Ademais haberá centos de persoas presas, multadas, depuradas, torturadas, fuxidas e exiliadas. A praza Pablo Iglesias pasa a chamarse Praza da Angustia e no nº4 instalan a redacción e administración da *Voz de la C.O.N.S.*, voceiro do sindicato fascista.



8. Derrotados. Non sometidos

No nº59 da rúa Carlos III, os demócratas que sobreviviran á barbarie fascista crean en 1946 a Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas. Esta organización clandestina unifica toda a oposición antifranquista e rearticula o movemento obreiro.

En xuño de 1946, a dirección do estaleiro ía reducir o racionamento de aceite de un cuarto a un oitavo de litro ao mes. Os obreiros quebran a atmosfera de terror e levan adiante a folga do aceite, a primeira protesta obreira de Galiza despois do golpe militar. Conseguen as súas reivindicacións. Con todo, xulgan trece traballadores en consello de guerra.

Segundo Vilaboy foi un dos principais organizadores desta folga. Para fuxir da represión, incorpórase ao Exército Guerrilleiro de Galiza. En 1947 é capturado e torturado salvaxemente. Escribe unha carta dous días antes de ser executado a garrote vil: «Cando me gritaban: Cantas ou matámoste! A miña resposta sempre foi e será a mesma: A vida podeades quitarme, mais non a dignidade!».».

9. A porta da memoria

Até 1972 aquí estaba a entrada ao estaleiro. Durante os primeiros meses de 1972, CCOO organiza grandes asembleas de traballadores para reclamar un convenio colectivo máis xusto.

9 de marzo. A dirección quere desactivar o movemento obreiro e preséntalles unha carta de suspensión de emprego e salario aos representantes sindicais. 5000 traballadores xúntanse na explanada diante da dirección para esixiren a súa readmisión. Ás 17:15 a policía franquista ocupa Bazán e, de maneira brutal, dissolve a concentración solidaria.

10 de marzo. Os obreiros veñen ao traballo e atopan a porta da factoría fechada. Saen en manifestación. A súa intención é chegar a Caranza e alí unirse aos compañeiros de Astano. No cruzamento entre a estrada de Castela e a das Pías, o réxime franquista dispara contra o pobo traballador e desata unha forte represión con ducias de persoas despedidas, torturadas e detidas.

Na memoria de Amador Rei e Daniel Niebla conmemórase cada 10 de marzo o Día da Clase Obreira Galega.

10. Moncho Reboiras, semente de vencer

O 12 de agosto de 1975 a policía ametralla o portal da rúa da Terra 27. Dentro, Moncho Reboiras desángrase. Quen era este electricista de 25 anos?

A partir de 1972, a Unión do Povo Galego procura dotar a Galiza de autorganización en todos os ámbitos. Ramón Muñiz impulsa a frente labrega; Manuel Mera, a frente estudantil; e Moncho Reboiras, a frente obreira. Reboiras redacta *Ferrol, 10 de marzal, un mes de represión*. Neste número especial do *Terra e Tempo*, considera que o pobo traballador debe sentirse protexido nas súas xustas reivindicacións contra a ditadura e pola liberdade de Galiza. Era preciso asumir formas de loita máis avanzadas.

Reboiras animou os xermolos sindicais nacionalistas en varias cidades, os cales darán lugar á fundación en 1975 do Sindicato Obreiro Galego, precursor da actual CIG. En 2009, o goberno español recoñeceu publicamente a Reboiras como vítima da ditadura franquista.





Antigo concello. / 1



Sociedade de Descargadoras e Cargadoras
do Peirao 1909. / 7



Porta de Bazán
aos Cantóns
tapiada tras os
sucesos de Marzo
de 1972. / 10



Excursión Centro Obrero de Cultura. Anos 20. / 5



Amalia Fraguela. / 3



Agrupación Socialista de Ferrol. / 2



Biblioteca do Centro Obrero de Cultura. / 5

Roteiro «Ferrol Rebelde»

Sábados de agosto

Saídas

11:30h

Punto de encontro

Palco da Música do Cantón

Duración

120 min.

Inscripcións

698 157 414

info@rexenerando.com

Actividade gratuíta

2018

FERROL

